

INTENSIFICACIÓN DA REALIZACIÓN DE PROBAS DIAGNÓSTICAS PARA A DETECCIÓN DO SARS-CoV-2

Dirección Xeral de Saúde Pública

Actualizado 04/08/2021

Este documento estará en permanente revisión, actualizándose en función da situación epidemiolóxica e da dispoñibilidade de probas. Poderá consultarse a última versión dispoñible na páxina web:

coronavirus.sergas.gal

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	4
2. OBXECTIVOS.....	4
3. PROBAS PARA A DETECCIÓN DO VIRUS SARS-COV-2.....	5
3.1.- Detección de ARN viral por RT-PCR ou técnica molecular equivalente.....	5
3.2.- Proba rápida de detección de antíxenos.....	6
3.3.- Probas PCR en saliva realizadas nas oficinas de farmacia galegas.....	9
3.4.- Test de antíxenos de autodiagnóstico.....	10
4. REQUISITOS PARA O REXISTRO DO RESULTADO DE PROBAS COVID EN REXEL.....	12
5. ACREDITACIÓN ESTADO COVID.....	13
6. PUNTOS ADMINISTRATIVOS DA CONSELLERÍA DE SANIDADE.....	14
ANEXO I - Exemplo do certificado de vacinación.....	17
ANEXO II - Exemplo do certificado de recuperación.....	18
ANEXO IIIa - Exemplo do certificado de proba diagnóstica negativa – PCR.....	19
ANEXO IIIb - Exemplo do certificado de proba diagnóstica negativa – Test antíxenos.....	20
ANEXO IIIc - Exemplo do certificado de proba diagnóstica da Consellería de Sanidade – Autotest antíxenos realizado en farmacia.....	21

1. INTRODUCCIÓN

A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria provocadas pola COVID-19, fai necesario que se sigan adoptando por parte das autoridades sanitarias determinadas medidas de prevención orientadas a conter a propagación da infección e dirixidas a facer fronte á crise sanitaria derivada da COVID-19.

Tras o importante aumento de casos a finais de xuño do 2021, o cal está a provocar unha nova onda epidémica, as autoridades sanitarias vense obrigadas a adoptar medidas excepcionais co obxectivo de protexer a saúde e a seguridade da cidadanía, conter o progreso da enfermidade e mitigar o impacto sanitario.

Todo isto faise tendo en conta que nos atopamos nunha nova realidade, na cal dispoñemos de vacinas contra a COVID-19 que permiten evitar infeccións e, sobre todo, reducen a presión sobre o sistema sanitario. Polo tanto, grazas á campaña de vacinación masiva estamos conseguindo protexer á poboación e retomar actividades económicas e sociais ata o de agora limitadas para evitar un maior número de contaxios. Non obstante, tendo en conta o aumento do número de casos e mentres non alcancemos a inmunidade de grupo, é necesario seguir a adoptar medidas preventivas e de control que permitan garantir as máximas condicións de seguridade e reducir o risco de contaxio e propagación da COVID-19.

Polo tanto, tendo en conta a situación actual na que existe un elevado número de casos, pero no que contamos cunha elevada porcentaxe da poboación vacinada e de dispoñibilidade de probas diagnósticas, deben poñerse en marcha medidas de prevención e control que teñan en conta esta situación.

2. OBXECTIVOS

Este documento ten como obxectivo establecer o procedemento mediante o cal a cidadanía poderá acceder voluntariamente á realización de probas diagnósticas da COVID-19. Deste xeito, preténdese aumentar a realización de probas que permitan detectar casos da COVID-19 que poderían pasar desapercibidos, iniciar os illamentos correspondentes de xeito precoz e facilitar á poboación a posibilidade de acreditar un resultado negativo para a obtención da consecuente acreditación.

3. PROBAS PARA A DETECCIÓN DO VIRUS SARS-COV-2

A Consellería de Sanidade, seguindo a súa estratexia de traballo para a optimización da xestión da pandemia, incrementa a dispoñibilidade de probas para a detección do virus SARS-CoV-2, favorecendo deste xeito unha maior accesibilidade ás probas da COVID-19 e, polo tanto, aumentando a capacidade diagnóstica do sistema.

A continuación detállanse todas as probas diagnósticas da COVID-19 que se poden realizar en Galicia, así como os lugares onde se poderán realizar e o tempo de validez de cada unha delas.

3.1.- Detección de ARN viral por RT-PCR ou técnica molecular equivalente

Proba diagnóstica de infección activa (PDIA) que permite a confirmación dun caso da COVID-19. Coñecida xeralmente pola poboación como proba PCR.

LUGARES PARA A SÚA REALIZACIÓN: estas probas poden realizarse tanto en centros sanitarios públicos como centros privados acreditados, pero só baixo prescrición facultativa ou cando a autoridade sanitaria o considere oportuno.

RECOLLIDA DA MOSTRA: debe realizarse por profesionais sanitarios colexiados (medicina, enfermería ou farmacia) mediante unha mostra respiratoria. A mostra máis frecuentemente usada é a nasofarínxea.

TEMPO DE ESPERA ATA RESULTADO: entre 2 horas e 24 horas.

OBTENCIÓN DO CERTIFICADO:

- Probas PCR realizadas no sistema sanitario público galego: poderá descargarse dixitalmente a través de E-Saúde e dos aplicativos SERGAS móbil e PASSCOVID. Tamén se poderá solicitar este certificado a través das oficinas de farmacia galegas, dos centros de saúde, dos puntos administrativos da Consellería de Sanidade ou do número de teléfono 900 400 116.
- Probas PCR realizadas en centros privados acreditados: o laboratorio ou centro privado responsable da realización da proba deberá emitir o correspondente certificado COVID europeo de resultado de probas negativas, para o cal deberá notificalo a través da aplicación web habilitada (ver máis abaixo o apartado 4. Requisitos para o rexistro do resultado de probas COVID en REXEL).

VALIDEZ DO RESULTADO NEGATIVO: 72h desde a data da recollida da mostra, a cal se mostra no propio certificado COVID europeo de resultado de probas negativas

3.2.- Proba rápida de detección de antíxenos

Proba diagnóstica de infección activa (PDIA) que permite a confirmación dun caso COVID. Coñecida xeralmente pola poboación como test de antíxenos.

Ante as diferentes probas rápidas de detección de antíxenos que existen no mercado, só deben utilizarse aquelas que cumpran os criterios da OMS de sensibilidade (S) $\geq 80\%$ e especificidade (E) $\geq 97\%$ e que seguisen estudos independentes de validación realizados por laboratorios clínicos ou de referencia a nivel nacional ou internacional. Para coñecer os dispositivos actualmente dispoñibles e validados pódese consultar o documento da Comisión Europea: [Current performance of COVID-19 test methods and devices and proposed performance criteria \(Annex 1: Commercial devices\)](#).

LUGARES PARA A SÚA REALIZACIÓN: estas probas poden realizarse tanto en centros sanitarios públicos como centros privados acreditados, pero só baixo prescrición facultativa ou cando a autoridade sanitaria o considere oportuno. Mais abaixo detallase a información sobre as unidades que a Consellería de Sanidade habilitou para a realización de probas antíxenicis (Ver apartado 3.2.1)

RECOLLIDA DA MOSTRA: debe realizarse por profesionais sanitarios colexiados (medicina, enfermería ou farmacia) mediante unha mostra respiratoria, frecuentemente nasal ou nasofarínxea.

TEMPO DE ESPERA ATA RESULTADO: aproximadamente 15 minutos.

OBTENCIÓN DO CERTIFICADO:

- Test de antíxenos realizados no sistema sanitario público galego: poderá descargarse dixitalmente a través de E-Saúde e dos aplicativos SERGAS móbil e PASSCOVID. Tamén se poderá solicitar este certificado a través das oficinas de farmacia galegas, dos centros de saúde, dos puntos administrativos da Consellería de Sanidade ou do número de teléfono 900 400 116.
- Test de antíxenos realizados en centros privados acreditados: o profesional sanitario, o laboratorio ou centro privado responsable da realización da proba deberá emitir o correspondente certificado COVID europeo de resultado de probas negativas, para o cal deberá notificalo a través da aplicación web

habilitada (ver máis abaixo o apartado 4. Requisitos para o rexistro do resultado de probas COVID en REXEL).

VALIDEZ DO RESULTADO NEGATIVO: 48h desde a data da recollida da mostra, a cal se mostra no propio certificado COVID europeo de resultado de probas negativas.

3.2.1.- Unidades de realización de probas antixénicas da Consellería de Sanidade:

Nos 14 distritos sanitarios do Servizo Galego de Saúde, dispórase de unidades de realización de probas rápidas de test de antixénos por parte de profesionais de enfermería do SERGAS.

Nestas unidades combinarase a realización de probas a persoas que dispoñan de cita previa, solicitada a través da plataforma correspondente habilitada pola área sanitaria, así como a atención a demanda daquelas outras persoas que se presenten sen cita.

LUGARES PARA A SÚA REALIZACIÓN: estas unidades estarán repartidas por distintas cidades da xeografía galega, asentándose no centro dos diferentes núcleos urbanos, e disporán dun horario proporcional ao volume de poboación. Sen descartarse a apertura de novas unidades antixénicas, se así o considera oportuno a Consellería de Sanidade, inicialmente habilitaranse os seguintes puntos :

- Area sanitaria de Ferrol:
 - No aula Campamento Urbano, Praza España s/n. Martes, xoves e sábados de 8:30 a 21:30 horas.
- Area sanitaria da Coruña e Cee:
 - **A Coruña:** na explanada do Pavillón de Deportes de Riazor. De luns a sábado de 12:00 a 19:00 horas.
 - **Cee:** no Covid-Auto do Hospital Virxe da Xunqueira. Os sábados de 12:00 a 19:00 horas.
- Área sanitaria de Santiago e Barbanza:
 - **Santiago de Compostela:** no Auditorio do Campus Sur da USC, avenida de Vigo. De luns a venres de 9:00 a 21:00 horas e sábados de 10:00 a 20:00 horas.
 - **Ribeira:** na Lonxa, situada no porto pesqueiro da cidade. Os sábados de 10:00 a 20:00 horas.
- Área Sanitaria de Pontevedra e Salnés:
 - **Pontevedra:** no vestíbulo da entrada do IES Sánchez Cantón. Martes, xoves e sábados en quendas de mañá e de tarde.

- **Vilagarcía:** no recinto feiral de FEXDEGA. Xoves, venres e sábados en quendas de mañá e tarde.
- Área Sanitaria de Vigo:
 - No Punto de Atención Móbil (PAM), fronte ao Real Club Náutico. De luns a sábado de 8:30 a 14:00h horas e de 15:30 a 21:00 horas.
- Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos:
 - **Lugo:** no edificio da Xefatura Territorial de Sanidade, rúa Montevideo nº9. Os martes, xoves e sábados de 11:00 a 13:00 horas e de 16:00 a 19:00 horas.
 - **Burela:** na unidade móbil de ADOS, na praza do Concello de Burela (pendente lugar vindeiros sábados). Sábados de 12:00 a 18:00 horas.
 - **Monforte:** na unidade móbil de ADOS, na rúa Praza Campo da Compañía nº50 (pendente lugar vindeiros sábados). Os sábados de 11:30 a 14:30 horas e de 16:00 a 19:30 horas.
- Área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras:
 - **Ourense:** no Espazo Xove, rúa Celso Emilio Ferreiro nº27. Os martes, xoves e sábados de 12:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 20:00 horas
 - **Verín:** no CribaBus, estacionado na praza García Barbón. Os sábados de 12:00 a 14:00 horas e 16:00 a 20:00 horas.
 - **O Barco de Valdeorras:** no CribaBus, estacionado na praza do Concello. Os sábados de 12:00 a 14:00 horas e 16:00 a 20:00 horas.

Poderán acceder a este tipo de probas gratuítas todas aquelas persoas que cumpran as seguintes premisas:

- Ter mais de 12 anos de idade.
- Non ter síntomas compatibles coa COVID-19.
- Non ser contacto estreito dun caso da COVID-19.
- Non ter a pauta completa de vacinación contra a COVID-19.
- Non ter sido diagnosticado da COVID-19 nos 180 días previos.
- Non ter realizada unha proba diagnóstica da COVID-19 nas 72h previas, se se trata dunha PCR, ou 48h previas, se se trata dun test de antíxenos.

RECOLLIDA DA MOSTRA: nas diferentes unidades existirán equipos de enfermería que se encargarán de recoller a mostra respiratoria correspondente, realizar e validar o resultado da proba, así como de rexistrar dita información nos aplicativos habituais do sistema sanitario público.

TEMPO DE ESPERA ATA RESULTADO: aproximadamente 15 minutos.

OBTENCIÓN DO CERTIFICADO: como calquera outra proba realizada no sistema sanitario público o certificado de proba negativa poderá descargarse dixitalmente a través de E-Saúde e dos aplicativos SERGAS móbil e PASSCOVID. Tamén se poderá solicitar este certificado a través das oficinas de farmacia galegas, dos centros de saúde, dos puntos administrativos da Consellería de Sanidade ou do número de teléfono 900 400 116.

VALIDEZ DO RESULTADO NEGATIVO: 48h desde a data da recollida da mostra, a cal se mostra no propio certificado COVID europeo de resultado de probas negativas.

3.3.- Probas PCR en saliva realizadas nas oficinas de farmacia galegas

Proba da análise da existencia do virus SARS-CoV-2 en mostras de saliva por PCR aplicando o método de *pooling*.

LUGARES PARA A SÚA REALIZACIÓN: estas probas poden realizarse exclusivamente nas oficinas de farmacia galegas que estean adheridas ao programa correspondente .

Poderán acceder a este tipo de probas gratuítas todas aquelas persoas que cumpran as seguintes premisas:

- Atoparse rexistrada na base de datos de tarxeta sanitaria.
- Ter un teléfono móbil de contacto.
- Non cumprir con ningún criterio de exclusión: ter un resultado positivo para a COVID-19 nos últimos 3 meses, ser contacto estreito dun caso da COVID-19, ter feita unha PCR nasofarínxea nos últimos 15 días ou ter síntomas compatibles coa infección ocasionada polo COVID-19.

RECOLLIDA DA MOSTRA:

- En primeiro lugar, a persoa deberá acudir á oficina de farmacia correspondente para solicitar a correspondente proba. Unha vez comprobado que cumpre os criterios para realizar ditas probas, a persoa deberá asinar o consentimento informado para posteriormente serlle entregado o tubo onde deberá recoller a mostra.

- Na aplicación informática, o farmacéutico asociará o código de barras do tubo coa persoa que realizará a recollida, introducindo o CIP ou lendo a banda magnética da tarxeta sanitaria. Tamén incluírá o número de teléfono no que recibirá o resultado da proba.
- Ao día seguinte, a persoa deberá recoller 1ml de saliva ao levantarse, en xaxún e sen tomar auga nin lavarse os dentes. Unha vez recollida a mostra, deberá entregar o tubo de saliva na oficina de farmacia que llo entregou o máis rápido posible e sempre ese mesmo día antes da hora indicada pola propia farmacia. Unha vez entregada, o farmacéutico rexistrará a recepción do tubo na aplicación e a mostra enviarase ao laboratorio para a súa análise.
- Finalmente, unha vez analizada a mostra no laboratorio, o resultado introducirase na Historia Clínica Electrónica do Servizo Galego de Saúde e, se o resultado é negativo, enviarase unha mensaxe de texto ao teléfono móbil rexistrado.

TEMPO DE ESPERA ATA RESULTADO: no caso das PCR en saliva realizadas nas oficinas de farmacia, debe terse en conta que a recollida da mostra non se pode facer no mesmo día que se acude a solicitar a realización da proba. Ademais, dita mostra necesita ser transportada ao laboratorio de referencia, polo que o resultado estará dispoñible transcorrido un mínimo de 24h desde a entrega da mesma na oficina de farmacia.

OBTENCIÓN DO CERTIFICADO: actualmente non se pode emitir o certificado COVID europeo de resultado de probas negativas, pero permitírase a acreditación do resultado mediante a comunicación remitida mediante sms polo servizo público de saúde.

VALIDEZ DO RESULTADO NEGATIVO: 72h desde a data da recollida da mostra.

3.4.- Test de antíxenos de autodiagnóstico

Test de detección rápida de antíxenos que non requiren prescrición facultativa. Coñecidos tamén como autotest de antíxenos.

Estas probas non son consideradas probas diagnósticas de infección activa (PDIA) e, polo tanto, non permiten a confirmación diagnóstica da COVID-19. Por este motivo, **non se recomenda a utilización destas probas ás persoas con síntomas compatibles**, xa que independentemente do resultado da proba, estas persoas sempre deberán facer illamento, consultar con un profesional sanitario que avalíe dita clínica e realizar unha PDIA se así lle é indicado por un profesional facultativo. **Tampouco se recomenda o seu uso para os contactos estreitos dun caso da COVID-19**, posto que estas persoas deberán estar en corentena e

realizar as PDIAs que lle sexan solicitadas por saúde pública, non sendo validos este tipo de test para a obtención dun resultado negativo que permita a finalización da corentena.

LUGARES PARA A SÚA REALIZACIÓN: estas probas poden adquirirse polas persoas individuais que así o desexen, podendo realizarse na propia oficina de farmacia na que se adquirisen ou fóra dela. Debe terse en conta que estes test só permitirán obter a acreditación de proba negativa cando se realicen nunha oficina de farmacia adherida ao programa correspondente e sempre e cando sexa supervisado por un profesional farmacéutico.

3.4.1.- Test de antíxenos autodiagnóstico realizados na oficina de farmacia:

RECOLLIDA DA MOSTRA: a persoa deberá realizarse a recollida de mostra a si mesma a través do hisopo nasal do que dispón o propio test. No caso daquelas persoas que opten pola súa realización na oficina de farmacia:

- Unha vez recollida, a persoa deberá entregarlle a mostra ao profesional farmacéutico que procederá á realización do procesamento da mostra e interpretará o resultado do test.
- Este profesional deberá validar o resultado obtido e rexistrar dita información na aplicación web habilitada para tal fin (ver máis abaixo o apartado 4. Requisitos para o rexistro do resultado de probas COVID en REXEL).
- No caso de obter un resultado positivo, o farmacéutico deberá indicarlle á persoa que se dirixa ao seu domicilio, facilitarlle as instrucións de illamento para casos sospeitosos de COVID-19 e indicarlle que a Central de Seguimento de Contactos se porá en contacto con ela nas próximas 24h para solicitarlle a correspondente PDIA e derivala a un profesional sanitario se presentase síntomas.
- No caso de obter un resultado negativo, o farmacéutico deberá emitir o correspondente certificado de proba diagnóstica da Consellería de Sanidade (Anexo IIIc).

TEMPO DE ESPERA ATA RESULTADO: aproximadamente 15 minutos.

OBTENCIÓN DO CERTIFICADO: os test de antíxenos de autodiagnóstico non permiten a emisión do certificado COVID europeo de resultado de probas negativas, pero permitírase a acreditación do resultado negativo mediante o certificado de proba diagnóstica da Consellería de Sanidade. Este deberá emitirse pola propia farmacia, unha vez rexistrado o resultado da proba no aplicativo habilitado para tal fin (ver máis abaixo o apartado 4. Requisitos para o rexistro do resultado de probas COVID en REXEL) .

VALIDEZ DO RESULTADO NEGATIVO: 48h desde a data da recollida da mostra.

3.4.2.- Test de antíxenos autodiagnóstico realizados fóra da oficina de farmacia:

RECOLLIDA DA MOSTRA: a persoa deberá realizarse a recollida de mostra a si mesma a través do hisopo nasal do que dispón o propio test e seguir as instrucións que nel se lle indican.

- No caso de obter un resultado positivo, a persoa deberá poñerse en illamento domiciliario e chamar ao número de teléfono 900 400 116, no que lle facilitarán as instrucións de illamento para casos sospeitosos de COVID-19, lle solicitarán unha PDIA e valorarán a necesidade de derivar a unha consulta médica.
- No caso de obter un resultado negativo, poderá continuar coa súa vida habitual, excepto que a persoa que teña síntomas compatibles coa COVID-19 e, polo tanto, deberá consultar con un profesional sanitario.

TEMPO DE ESPERA ATA RESULTADO: aproximadamente 15 minutos.

OBTENCIÓN DO CERTIFICADO: os test de antíxenos de autodiagnóstico realizados sen supervisión dun profesional farmacéutico na correspondente oficina de farmacia, non permitirán emitir ningún tipo de certificado de proba diagnóstica negativa.

4. REQUISITOS PARA O REXISTRO DO RESULTADO DE PROBAS COVID EN REXEL

Para poder notificar os casos confirmados ou probables fóra do ámbito do Servizo Galego de Saúde, en primeiro lugar o profesional sanitario/laboratorio ou centro privado debe rexistrarse para poder acceder ao entorno web (REXEL) no que se fai a devandita notificación.

Para poder xestionar a solicitude do rexistro, é necesario enviar ao correo da Dirección Xeral de Saúde Pública (saude.publica@sergas.es), a seguinte información:

- Para laboratorios/centros privados:
 - Nome do centro privado declarante.
 - Número de rexistro do centro.
 - Nome completo da persoa responsable de facer a declaración e número de DNI (que debe ter DNI electrónico ou certificado dixital).
 - Dirección de correo electrónico de contacto.
- Para profesionais sanitarios non adscritos a laboratorios/centros privados:
 - Nome completo do profesional sanitario (deberá ter DNI electrónico ou certificado dixital)

- Número de Colegiado do profesional sanitario.
- DNI do profesional sanitario.
- Dirección de correo electrónico de contacto.

Unha vez recibido o correo e realizadas as xestións necesarias e notificaráselle ao centro privado/profesional que xa dispón dos permisos necesarios para notificar os resultados negativos e os casos positivos de infección polo SARS-CoV-2. Mentres o centro privado/profesional sanitario non reciba este aviso, non poderá emitir os certificados de probas.

A notificación de resultados, tanto negativos como positivos, realizarase a través de REXEL no apartado “COVID19LABORAT: declaración individual”, dispoñible na seguinte ligazón: <https://www.sergas.gal/Saude-publica/Novo-coronavirus-2019-nCoV>.

É importante mencionar que, no suposto de que un profesional sanitario/centro privado detecte unha persoa positiva, deberá facilitarlle información sobre as medidas de illamento domiciliario (<https://www.sergas.gal/Saude-publica/COVID19-Instruccion-doente-domicilio>) e notificar a través do aplicativo web (REXEL) dito feito con carácter urxente (<24h).

No caso de ter calquera incidencia que impida a notificación de casos positivos para a COVID-19, este feito deberá ser notificados directamente ao correo dxsp.vixepi@sergas.es, unha vez cumprimentada a información recollida na ficha de declaración dispoñible na seguinte ligazón: <https://www.sergas.gal/Saude-publica/Enquisa-caso-nCoV>.

5. ACREDITACIÓN ESTADO COVID

Para acreditar o estado COVID poderase presentar algún dos certificados COVID dispoñibles:

- Certificado de vacinación: certificado que confirme que o titular recibiu a pauta completa dalgunha das vacinas COVID-19 autorizadas en Europa. Estas vacinas son: Comirnaty (laboratorio BioNTech/Pfizer), Moderna, Vaxzevria (laboratorio AstraZeneca) e Janssen. Recomendase comprobar a data da vacinación, posto que se considerará á persoa como correctamente inmunizada sempre e cando xa pasaran 14 días desde a administración da última dose, excepto no caso de que se trate da vacina Comirnaty, na cal só é necesario que pasen 7 días. Esta circunstancia pode acreditarse mediante o certificado COVID europeo ou do certificado COVID do SERGAS de vacinación. Pode consultarse un exemplo de certificado de vacinación no Anexo I.

- Certificado de recuperación: certificado que confirme que o titular recuperouse da COVID-19 nos últimos 6 meses. Para iso a persoa tivo que ser diagnosticada como caso confirmado da COVID-19 fai 11 ou máis días mediante unha proba PCR, non sendo válidos outro tipo de test. Esta circunstancia pode acreditarse mediante o certificado COVID europeo de recuperación. Pode consultarse un exemplo do certificado de recuperación no Anexo II.
- Certificado de proba diagnóstica negativa: certificado que indique o resultado negativo dunha proba diagnóstica realizada nas últimas 72 horas no caso das PCR e 48 horas no caso dos test de antíxenos. Esta circunstancia pode acreditarse mediante o certificado COVID europeo de resultado de probas ou calquera outro certificado aprobado pola Consellería de Sanidade. Pode consultarse un exemplo dos certificados de probas negativas autorizados no Anexo III (IIIa, IIIb, IIIc).

6. PUNTOS ADMINISTRATIVOS DA CONSELLERÍA DE SANIDADE

Co fin de facilitar diferentes trámites administrativos relacionados coa obtención dos diferentes certificados e a realización de probas da COVID-19, o Servizo Galego de Saúde reforzará os 14 distritos sanitarios con puntos administrativos localizados no centro dos diferentes núcleos urbanos. Inicialmente habilitaranse os seguintes puntos administrativos:

- Area sanitaria de Ferrol:
 - No aula de Ecoloxía Urbana, Praza Constitución s/n. De luns a sábado de 8:30 a 21:30 horas.
- Area sanitaria da Coruña e Cee:
 - **A Coruña**: no andar baixo da Xefatura Territorial de Sanidade de A Coruña, rúa Durán Loriga. De luns a venres de 8:00 a 20:00 horas e sábados de 8:00 a 15:00 horas.
 - **Cee**: no local da Cruz Vermella, rúa Domingo Antonio Andrade s/n. De luns a sábado de 8:00 a 15:00 horas.
- Área sanitaria de Santiago e Barbanza:
 - **Santiago de Compostela**: no Auditorio do Campus Sur da USC, avenida de Vigo. De luns a venres de 9:00 a 21:00 horas e sábados de 10:00 a 20:00 horas.
 - **Ribeira**: na Lonxa, situada no porto pesqueiro da cidade. Os sábados de 10:00 a 20:00 horas.

- Área Sanitaria de Pontevedra e Salnés:
 - **Pontevedra:** no edificio administrativo da Xunta Benito Corbal, entrada por rúa Javier Puig Llamas nº2. De luns a venres de 9:00 a 21:00h horas e sábados de 9:00 a 15:00 horas.
 - **Vilagarcía:**
 - Na sala de exposicións do auditorio municipal, avenida da Mariña s/n). De luns a venres de 9:00 a 21:00h horas e sábados de 10:00 a 15:00 horas.
 - No salón de plenos do concello, praza do concello nº1. De luns a sábados de 9:00 a 15:00h horas.
 - **Cambados:** na oficina OMIX do Pazo Torrado, avenida da Coruña s/n. De luns a venres de 9:00 a 21:00h horas e sábados de 9:00 a 15:00 horas.
 - **O Grove:** na sala de exposicións do concello, praza do Corgo s/n. De luns a venres de 9:00 a 21:00h horas e sábados de 9:00 a 15:00 horas.
 - **Sanxenxo:** na oficina de información e turismo, porto deportivo Juan carlos I s/n. De luns a venres de 9:00 a 21:00h horas e sábados de 9:00 a 15:00 horas.
 - **Marín:** na casa do concello, avenida de ourense s/n. De luns a venres de 9:00 a 21:00h horas e sábados de 9:00 a 15:00 horas.
 - **Bueu:** no Centro social do Mar, rúa Montero ríos. De luns a venres de 9:00 a 14:00h horas e de 16:00 a 19:30 horas, e sábados de 9:00 a 15:00 horas.
 - **Caldas de Reis:** na Tafona, rúa Joaquín Potel Lesquereux. De luns a venres de 9:00 a 14:00h horas e de 16:00 a 19:30 horas, e sábados de 9:00 a 15:00 horas.
- Área Sanitaria de Vigo:
 - Na planta baixa do edificio de Sanidade, rúa García Barbón nº51. De luns a sábado de 15:00 a 22:00 horas.
- Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos:
 - **Lugo:** no edificio da Xefatura Territorial de Sanidade, rúa Montevideo nº9. De luns a sábado de 9:00 a 14:00 horas.
 - **Burela:** pendente confirmar.
 - **Monforte:** pendente confirmar.

- Área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras:
 - **Ourense:** no Espazo Xove, rúa Celso Emilio Ferreiro nº27. De luns a sábado de 12:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 20:00 horas
 - **Verín:** no CribaBus, estacionado na praza García Barbón. Os sábados de 12:00 a 14:00 horas e 16:00 a 20:00 horas.
 - **O Barco de Valdeorras:** no CribaBus, estacionado na praza do Concello. Os sábados de 12:00 a 14:00 horas e 16:00 a 20:00 horas.

Estes puntos darán atención á cidadanía de luns a sábado, facilitando os seguintes trámites:

- Impresión do certificado COVID europeo de vacinación, recuperación e proba diagnóstica negativa.
- Activación de “Chave 365”.
- Altas rápidas para persoas con residencia fóra de Galicia.

ANEXO I - Exemplo do certificado de vacinación

EU DIGITAL COVID CERTIFICATE CERTIFICADO COVID DIGITAL DE LA UE CERTIFICADO COVID DIXITAL DA UE Vaccination · Vacunación · Vacinação		
Surname and forename / Apellidos y Nombre / Apelidos e Nome FICTICIO PRUEBAS, TITULAR		
Date of birth / Fecha de nacimiento / Data de nacemento 2010-01-01		
Vaccination details / Datos de vacunación / Datos da vacinación:		
Certificate identifier / Identificador del certificado / Identificador do certificado 01ES12VE1062AE6B7F745BA8DEDA#C		
Certificate issuer / Emisor del certificado / Emisor do certificado Consellería de Sanidade - Xunta de Galicia		
Disease targeted / Enfermedad que se previene / Enfermidade que se prevén		COVID-19
Vaccine/prophylaxis / Tipo de vacuna / Tipo de vacina SARS-CoV-2 mRNA vaccine /SARS-CoV-2 vacina ARNm /SARS-CoV-2 vacina ARNm		Number in a series of vaccinations and number of doses / Número en una serie de vacunaciones y número de dosis / Número nunha serie de vacinacións e número de doses 2 / 2
Vaccine medicinal product / Vacuna administrada / Vacina administrada Comimaty		Date of vaccination / Fecha de vacunación / Data de vacinación 2021-07-22
Manufacturer / Fabricante / Fabricante Biontech Manufacturing GmbH		Member State of vaccination / Estado miembro de vacunación / Estado membro da vacinación ES

This certificate is not a travel document. The scientific evidence on COVID-19 vaccination, testing and recovery continues to evolve, also in view of new variants of concern of the virus. Before travelling, please check the applicable public health measures and related restrictions applied at the point of destination. / El presente certificado no es un documento de viaje. Los datos científicos sobre la vacunación, el test y la recuperación de la COVID-19 siguen evolucionando, también a la vista de las nuevas variantes preocupantes del virus. Antes de viajar, sírvase comprobar las medidas de salud pública aplicables y las restricciones correspondientes que se apliquen en el punto de destino. / O presente certificado non é un documento de viaxe. Os datos científicos sobre a vacinación, o test e a recuperación da COVID-19 seguen a evolucionar, tamén á vista das novas variantes preocupantes do virus. Antes de viaxar, sírvase comprobar as medidas de saúde pública aplicables e as restricións correspondentes que se apliquen no punto de destino.

ANEXO II - Exemplo do certificado de recuperación

EU DIGITAL COVID CERTIFICATE
CERTIFICADO COVID DIGITAL DE LA UE
CERTIFICADO COVID DIXITAL DA UE
Recovery · Recuperación · Recuperación



Surname and forename / Apellidos y Nombre / Apellidos e Nome

FICTICIO PRUEBAS, TITULAR

Date of birth / Fecha de nacimiento / Data de nacemento

2010-01-01



Recovery details / Datos de la recuperación / Datos da recuperación:

Certificate identifier / Identificador del certificado / Identificador do certificado
 01ES12RDA25BB3FBD924DCD941BA#E

Certificate issuer / Emisor del certificado / Emisor do certificado
 Consellería de Sanidade - Xunta de Galicia

Disease targeted / Enfermedad que se previene /
 Enfermidade que se prevén

COVID-19

Date of first positive test result / Fecha del
 primer resultado positivo del test / Data do
 primeiro resultado positivo do test

2021-06-02

Member State of vaccination / Estado
 miembro de vacunación / Estado membro da
 vacinación

ES

Certificate valid from / Certificado válido
 desde el / Certificado válido dende o



2021-06-17

Certificate valid until / Certificado válido
 hasta el / Certificado válido ata o

2021-11-29



This certificate is not a travel document. The scientific evidence on COVID-19 vaccination, testing and recovery continues to evolve, also in view of new variants of concern of the virus. Before travelling, please check the applicable public health measures and related restrictions applied at the point of destination. / El presente certificado no es un documento de viaje. Los datos científicos sobre la vacunación, el test y la recuperación de la COVID-19 siguen evolucionando, también a la vista de las nuevas variantes preocupantes del virus. Antes de viajar, sírvase comprobar las medidas de salud pública aplicables y las restricciones correspondientes que se apliquen en el punto de destino. / O presente certificado non é un documento de viaxe. Os datos científicos sobre a vacinación, o test e a recuperación da COVID-19 seguen a evolucionar, tamén á vista das novas variantes preocupantes do virus. Antes de viaxar, sírvase comprobar as medidas de saúde pública aplicables e as restricións correspondentes que se apliquen no punto de destino.

ANEXO IIIa - Exemplo do certificado de proba diagnóstica negativa – PCR

EU DIGITAL COVID CERTIFICATE CERTIFICADO COVID DIGITAL DE LA UE CERTIFICADO COVID DIXITAL DA UE Test · Pruebas · Probas	
	
Surname and forename / Apellidos y Nombre / Apelidos e Nome FICTICIO PRUEBAS, TITULAR	
Date of birth / Fecha de nacimiento / Data de nacemento 2010-01-01	
	
Test details / Datos de pruebas / Datos de probas:	
Certificate identifier / Identificador del certificado / Identificador del certificado 01ES12T15602A9E7ED24F5AAD81E#9	
Certificate issuer / Emisor del certificado / Emisor do certificado Consellería de Sanidade - Xunta de Galicia	
Disease targeted / Enfermedad que se previene / Enfermidade que se prevén	COVID-19
Type of test / Tipo de test / Tipo de test Nucleic acid amplification with probe detection / Prueba de detección por amplificación de ácidos nucleicos / Proba de detección de amplificación de ácido nucleico	Test result / Resultado del test / Resultado do test Not detected / No detectado / Non detectado
Test name / Nombre del test / Nome do test	Testing centre or facility / Centro o instalación del test / Centro ou instalación do test LABORATORIO PRUEBA 5
Test manufacturer / Fabricante del test / Fabricante do test	Date and time of the test sample collection / Fecha y hora de la recogida de la muestra del test / Data e hora da recollida da mostra do test 2021-07-22T15:27:00+02:00
Member State of test / Estado miembro del test / Estado membro do test ES	

This certificate is not a travel document. The scientific evidence on COVID-19 vaccination, testing and recovery continues to evolve, also in view of new variants of concern of the virus. Before travelling, please check the applicable public health measures and related restrictions applied at the point of destination. / El presente certificado no es un documento de viaje. Los datos científicos sobre la vacunación, el test y la recuperación de la COVID-19 siguen evolucionando, también a la vista de las nuevas variantes preocupantes del virus. Antes de viajar, sírvase comprobar las medidas de salud pública aplicables y las restricciones correspondientes que se apliquen en el punto de destino. / O presente certificado non é un documento de viaxe. Os datos científicos sobre a vacunación, o test e a recuperación da COVID-19 seguen a evolucionar, tamén á vista das novas variantes preocupantes do virus. Antes de viaxar, sírvase comprobar as medidas de saúde pública aplicables e as restricións correspondentes que se apliquen no punto de destino.

ANEXO IIIb - Exemplo do certificado de proba diagnóstica negativa – Test antígenos

EU DIGITAL COVID CERTIFICATE CERTIFICADO COVID DIGITAL DE LA UE CERTIFICADO COVID DIXITAL DA UE		
Test · Pruebas · Probas		
Surname and forename / Apellidos y Nombre / Apelidos e Nome FICTICIO PRUEBAS, TITULAR		
Date of birth / Fecha de nacimiento / Data de nacemento 2010-01-01		
Test details / Datos de pruebas / Datos de probas:		
Certificate identifier / Identificador del certificado / Identificador del certificado 01ES12T7EE8C739D4CC4A16936D9#0		
Certificate issuer / Emisor del certificado / Emisor do certificado Consellería de Sanidade - Xunta de Galicia		
Disease targeted / Enfermedad que se previene / Enfermidade que se prevén		COVID-19
Type of test / Tipo de test / Tipo de test Rapid immunoassay / Inmunoensayo rápido / Inmunoensaio rápido	Test result / Resultado del test / Resultado do test Not detected / No detectado / Non detectado	
Test name / Nombre del test / Nome do test CLINITEST RAPID COVID-19 ANTIGEN TEST	Testing centre or facility / Centro o instalación del test / Centro ou instalación do test LABORATORIO PRUEBA 4	
Test manufacturer / Fabricante del test / Fabricante do test SIEMENS HEALTHINEERS	Date and time of the test sample collection / Fecha y hora de la recogida de la muestra del test / Data e hora da recollida da mostra do test 2021-07-22T15:23:00+02:00	
Member State of test / Estado miembro del test / Estado membro do test ES		

This certificate is not a travel document. The scientific evidence on COVID-19 vaccination, testing and recovery continues to evolve, also in view of new variants of concern of the virus. Before travelling, please check the applicable public health measures and related restrictions applied at the point of destination. / El presente certificado no es un documento de viaje. Los datos científicos sobre la vacunación, el test y la recuperación de la COVID-19 siguen evolucionando, también a la vista de las nuevas variantes preocupantes del virus. Antes de viajar, sírvase comprobar las medidas de salud pública aplicables y las restricciones correspondientes que se apliquen en el punto de destino. / O presente certificado non é un documento de viaxe. Os datos científicos sobre a vacunación, o test e a recuperación da COVID-19 seguen a evolucionar, tamén á vista das novas variantes preocupantes do virus. Antes de viaxar, sírvase comprobar as medidas de saúde pública aplicables e as restricións correspondentes que se apliquen no punto de destino.

ANEXO IIIc - Exemplo do certificado de proba diagnóstica da Consellería de Sanidade – Autotest antixenos realizado en farmacia.

PROCEDEMENTO			
COMUNICACIÓN PROBAS COVID19 DE CENTROS ALLEOS Ó SERGAS	NOVO CASO		
DATOS DO DOENTE			
NOME CIUDADANO UNO	PRIMEIRO APELIDO FICTICIO	SEGUNDO APELIDO PRUEBAS	NIF/PASAPORTE 99999995C
SEXO HOME	DATA DE NACEMENTO 01/01/1978	IDADE 43	TLF. CONTACTO TLF. MÓBIL 600000000
PAÍS RESIDENCIA ESPAÑA	COMUNIDADE AUTÓNOMA GALICIA	PROVINCIA	CONCELLO
CENTRO QUE DECLARA O CASO CORUÑA (A)-C-015-F	DATA DECLARACIÓN 26/07/2021		
SINTOMATOLOXÍA			
<input checked="" type="radio"/> Asintomático no momento da toma de mostrás		<input type="radio"/> Sintomático	
		Data de inicio dos síntomas	
DATOS SOLICITANTE			
Facultativo/servizo prevención Riscos solicitante			
Teléfono de contacto			
SE A PETICIÓN TEN QUE VER CUNHA ACTIVIDADE PROMOVIDA POR UN SERVIZO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS			
Actividade laboral			
Provincia da empresa		Concello da empresa	
DATOS DE LABORATORIO (Probas realizadas e resultados)			
Proba	Data e hora da proba	Resultado	Data diagnóstico
<input type="radio"/> PCR		<input type="radio"/> Positivo <input type="radio"/> Negativo <input type="radio"/> Indeterminado	
<input type="radio"/> IgM ELISA		<input type="radio"/> Positivo <input type="radio"/> Negativo <input type="radio"/> Indeterminado	
<input type="radio"/> IgA ELISA		<input type="radio"/> Positivo <input type="radio"/> Negativo <input type="radio"/> Indeterminado	
<input type="radio"/> IgG ELISA		<input type="radio"/> Positivo <input type="radio"/> Negativo <input type="radio"/> Indeterminado	
<input type="radio"/> Test de antixenos		<input type="radio"/> Positivo <input type="radio"/> Negativo	
Fabricante			
Nome do test			
<input checked="" type="radio"/> Autotest de antixenos	26/07/2021 12:32	<input type="radio"/> Positivo <input checked="" type="radio"/> Negativo	26/07/2021
No caso de doentes de centros socio-sanitarios			
<input type="radio"/> Residente <input type="radio"/> Traballador do centro			
Marque esta opción se desexa anular a declaración do caso por erro de identificación ou datos <input type="checkbox"/>			
SINATURA DO DECLARANTE			
